

DECRETO DE ALCALDÍA

Detectado un erro involuntario na redacción das bases reguladoras do Concurso de Entroido 2025 publicadas na Resolución de Alcaldía número 11/2025 de 29 de xaneiro de 2025, na cal aparece unha incorrección nos horarios na base segunda, unha nova redacción na base terceira, así como non se incluíu un aspecto na base novena,

RESOLVO,

Aprobar as bases definitivas que se recollen a continuación:

BASES DO CONCURSO DE ENTROIDO 2025. CONCELLO DE ROIS

O Concello de Rois convoca un Concurso de disfraces que se celebrará neste municipio o sábado 1 de marzo e que se rexerá polas seguintes

BASES

Primeira.

É obrigatoria a inscrición previa do conxunto de participantes nas categorías recollidas nestas bases, cubrindo o formulario que se atopa na páxina web www.rois.gal. O prazo de inscrición é do **luns 3 ao venres 14 de febreiro, ámbolos dous incluídos**.

No caso das comparsas, nas inscricións, cada unha ten que nomear unha persoa representante, sinalando nome completo, NIF e teléfono de contacto de quen ha de asinar a solicitude e un compromiso de responsabilidade. É preciso tamén indicar o nome, apelidos e enderezo postal das persoas integrantes, así como entregar o certificado do número de conta bancaria e calquera outra documentación administrativa que se lle requira.

Segunda.

Os días 26 e 27 en horario de 10.00 a 13.00 e de 17.00 a 20.00 e o día 28 de febreiro en horario de 10.00 a 13.00, poderán recollese os dorsais no edificio multiúsos de Rois. Tamén se poderán recoller o propio día da celebración do evento e terán que ser colocados nun lugar visible. Os números de dorsais corresponderanse co da orde do desfile.

Terceira.

Haberá cinco modalidades xerais para participar neste concurso: infantil individual ata 12 anos, individual de 12 anos ou máis, parella/trío, comparsa/grupo de 4 a 12



CONCELLO DE ROIS

Samil, 1, Oín. 15911 Rois (A Coruña)
T 981804109 F 981804182
correo@rois.gal
www.rois.gal

membros e comparsa/grupo de 13 ou máis membros.

No caso da modalidade de comparsa de 4 a 12 persoas, crearanse dúas categorías: categoría infantil, onde as persoas participantes sexan exclusivamente menores de 12 anos (incluídos); categoría xeral, que abarca ao resto das situacións.

Como novidade, inclúense nestas bases unha gratificación ás comparsas locais (comparsas nas que o 75% dos/das participantes estean empadroados/as no Concello de Rois).

Cuarta.

As/os menores de idade deberán estar acompañadas/os dunha persoa adulta durante todo o evento.

Quinta.

As medidas das carrozas non poden superar as medidas do acceso ao polideportivo de Rois (a porta de acceso é de 2,00 metros de ancho x 2,00 metros de alto).

Sexta.

Estableceranse os seguintes premios por modalidades xerais:

Infantil individual ata 12 anos	Individual de 12 anos ou máis	Parella/Trío	Comparsa xeral de 4 a 12 membros	Comparsa de 13 ou máis membros
1º. 30€ 2º. 25€ 3º. 20€ 4º. Agasallo 5º. Agasallo 6º. Agasallo	1º. 40€ 2º. 35€ 3º. 30€	1º. 60€ 2º. 40€ 3º. 30€	1º. 300€ 2º. 150€ Comparsa infantil de 4 a 12 membros	1º. 400€ 2º. 200€ 3º. 150€
			1º. 200€ 2º. 100€	

As persoas gañadoras/as dos distintos premios en metálico achegarán nos 5 días hábiles seguintes un certificado co número de conta onde se lle ingresará posteriormente o importe do premio acadado.

Sétima.

O xurado estará formado por un mínimo de 3 e un máximo de 5 persoas, nomeadas polo Concello e estará formado por persoas vinculadas ao mundo da cultura, artes, medios de comunicación, hostalaría ou participación cidadá.

A resolución do concurso realizarase baixo os principios de transparencia, igualdade,



CONCELLO DE
ROIS

Samil, 1, Oín. 15911 Rois (A Coruña)
T 981804109 F 981804182
correo@rois.gal
www.rois.gal

non discriminación e obxectividade. Valoraranse aspectos como a orixinalidade dos disfraces, a reciclaxe e coidado do medio ambiente, a creatividade, a imaxinación e a posta en escena durante o desfile no concurso.

O fallo reflexarase nunha acta levantada para os efectos á que se lle dará publicidade no taboleiro de anuncios do edificio multiúsos de Rois.

A resolución será inapelable e os premios poderán declararse desertos se o xurado o estima oportuno.

Oitava.

Todas e todos os participantes das categorías de comparsa/grupo, deben estar o sábado 1 de marzo ás 16.30h diante do Concello de Rois para recoller e colocar o seu dorsal e a continuación (non caso de non telo recollido) e desfilar ata o polideportivo de Rois. O resto das categorías participantes tamén poderán participar no desfile. No caso de choiva suspenderase o desfile, decisión que se anunciará na páxina web municipal con suficiente antelación e se notificará por correo electrónico ás inscricións realizadas.

A actuación no polideportivo de Rois non poderá exceder de 6 minutos de duración, o contrario poderá supor penalización.

Novena.

Os disfraces que recibiran algún premio no ano anterior non poderán ser premiados. Co mesmo disfraz só se pode participar nunha categoría das establecidas na base sexta.

Décima.

O Concello de Rois non se fai responsable dos danos morais ou materiais que, a si mesmos ou a terceiros, ocasionen as e os participantes deste desfile e concurso do Entroido 2025.

Undécima.

A participación neste evento supón a autorización ao Concello de Rois a publicar na páxina web e redes sociais da súa titularidade e nos medios de comunicación o nome e apelidos dos/as concursantes e premiados/as, así como a á publicación de fotografías e audiovisuais propias, sempre que o seu uso garde relación con este concurso. A organización pode facer uso da imaxe de todos os/as participantes en calquera formato, sa sexa gráfico ou dixital, e en todas as súas formas (vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación, etc.). Todos os dereitos de imaxe pertencen ao Concello de Rois, como organizador do evento.



Samil, 1, Oín. 15911 Rois (A Coruña)
T 981804109 F 981804182
correo@rois.gal
www.rois.gal

Duodécima.

A participación neste concurso implica a aceptación plena destas bases. Queda en mans do xurado ditaminar calquera aspecto non previsto nestas.

RESOLVO,

PRIMEIRO.- Aprobar as Bases do Concurso de Concurso de Entroido 2025.

SEGUNDO.- Comuníquese para o seu coñecemento a efectos da presente Resolución á Tesourería e Intervención municipal e á Concellería de Cultura.

Manda e asina o alcalde-presidente do Concello de Rois, Ramón Tojo Lens en Rois, o día da sinatura; do que, como secretario, dou fe.

Ante min,

O secretario accidental

O alcalde-presidente

José Ángel Sorribas Bustelo

Ramón Tojo Lens

Documento asinado electronicamente